

O mundo e a aula

Editorial Tempo Exterior, nº 7 primeira época

É constatable a crecente importancia das cuestións internacionais. A sensibilidade cara a estes asuntos vai en aumento. O interese, tanto individual como colectivo, é cada vez maior porque é a consecuencia inevitable de demandas estruturais dunha sociedade cada día máis culta e vertebrada, preocupada por saber, opinar e participar en todo o que dalgún xeito lle afecta.

O momento de tránsito que nos toca vivir é apreciable en moitos dominios. Algúns profundos e de gran calado como o derrube do modelo socioeconómico e político vixente na antiga Unión Soviética e a súa área de influencia, a globalización ou eses balbucidos da chamada era da información. Outros de gran proxección, mesmo nos aspectos máis nimios da nosa vida cotiá, como a entrada na derradeira fase que nos levará ata a plena vixencia do euro. Uns e outros anuncian novidades por tódalas partes nun proceso emerxente que se caracteriza pola complexidade e que marcará, de principio a fin, este milenio. Sen dúbida estamos ante un novo comezo.

A rapidez con que flúe esta nova situación impide en numerosos casos unha pausada toma de razón sobre a transcendencia da época que estamos a vivir. E sería lamentable, sen embargo, concluír, vinte anos adiante, que vivimos e transitamos polo epicentro dun dos períodos máis transcendentais da humanidade contemporánea sen a penas decatarnos. Por iso a todos nos cómpre seguir de preto os apaixonantes cambios, cosméticos uns, profundos outros, cargados de incertezas case sempre, que experimenta o mundo actual.

A aula, como auténtico laboratorio do futuro inmediato onde se configura a sociedade do mañá, é o medio adecuado para que os novos se decaten deste presente en constante cambio e aprendan a identificar as súas claves principais. O proceso educativo, principiando polo profesorado, debe abrir fiestras a estes debates e reflexións, debe estimular o interese, incentivar a curiosidade, achegar a capacidade innovadora suficiente para impedir que todo transcorra coma se nada estivese pasando e afianzar aqueles valores que nos permitan superar as contradicións do presente sen dar abeiro a actitudes destructivas, fundamentalistas, insolidarias.

Non é esa unha tarefa que se poida abordar de xeito sesgado ou parcial; pola contra, debe ser o resultado dun proceso mancomunado e aberto á colaboración de entidades públicas e privadas, de profesorado e especialistas, de asociacións pedagóxicas e institutos de análise e investigación internacional, para establecer un marco operativo coherente, global e o suficientemente

apropiado como para dar unha satisfactoria resposta ás inquietudes dos diferentes colectivos ós que se dirixe.

Agora que se fan, parafraseando ó excelente cronista americano John Reed, os primeiros dez anos daqueles feitos que, de novo, abanearan o mundo, a piques de entrar nun novo milenio, o curso 1999-2000 pode ser unha excelente ocasión para impulsar un **programa galego de educación internacional** que condense, sintetice e oriente o tratamento no aula dos actuais problemas da sociedade mundial. Debemos comprometer ós máis novos co momento histórico que vivimos.

A Confederación de Fondos

Redacción Tempo Exterior

No prazo dun ano, o Fondo Galego, iniciativa impulsada, entre outros, polo IGADI, conseguiu máis que duplica-lo seu número de socios. Na actualidade abarca a máis do 33% da poboación total de Galicia. O Fondo Galego é membro integrante da Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade.

Aínda que cada Fondo nace a partir dunhas orixes que son distintas en cada ámbito territorial e que, polo tanto, lle proporcionan unha identidade propia, existe unha ampla coincidencia de postulados entre os Fondos. En 1995 acordouse, dende a total independencia, constituí-la Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade como marco de coordinación e de representación conxunta.

Son tarefas propias da Confederación contribuír a impulsa-la cooperación descentralizada dentro e fóra dos ámbitos territoriais dos seus membros, así como propicia-la súa vertebración en redes. Neste sentido, dende entón está colaborando en sistematizar e difundir-las experiencias de cooperación intermunicipal e en colaborar activamente nos procesos emerxentes de xeración de novos fondos e outras redes de cooperación municipal.

A Confederación asume tamén ser interlocutor común ante as institucións estatais, europeas e mundiais con presentacións coincidentes. Neste sentido, participouse activamente no proceso de debate da primeira Lei de Cooperación do Estado español expresando colectivamente ante tódolos grupos parlamentarios as nosas opinións. A recentemente creada Comisión Interterritorial debe ser un bo marco de coordinación e concertación con outros niveis da Administración pública. A nivel europeo, está aínda pendente o establecemento de vías estables de interlocución directa coa Unión Europea.

Un dos retos nos que a Confederación está conseguindo maiores resultados é no apartado de coordina-las accións para conseguir unha aprendizaxe mutua e no establecemento de criterios comúns de análise, avaliación, control e seguimento. Neste sentido, dende 1997 dispón dunha oficina técnica de seguimento sobre o terreo para a área de Centroamérica, México e Caribe.

Dado o importante papel que ó noso entender debe te-la sensibilización do Norte para xerar un clima na opinión pública favorable á promoción dunha nova orde económica internacional, traballamos coordinadamente en propostas de sensibilización compartidas, como é a nova edición da Guía Municipal para a Cooperación e outras iniciativas en colaboración coas coordinadoras de ONGs.

En último lugar cabería definir que aínda non sendo un obxectivo prioritario o cofinanciamento de proxectos de cooperación no marco da Confederación de Fondos, cando se produciu foi en programas de compoñente municipalista.

¿Que son os Fondos Municipais de Cooperación e Solidariedade?

Un Fondo de Cooperación e Solidariedade é un organismo sen ánimo de lucro que reúne concellos e outras institucións públicas e privadas cos obxectivos:

1. Contribuír ó desenvolvemento do Terceiro Mundo mediante a constitución e xestión dun fondo económico que posibilite unha cooperación descentralizada e promova un desenvolvemento sostible.

2. Administrar e xestionar los fondos económicos destinados ó Fondo para proxectos de axuda ó Terceiro Mundo e campañas de sensibilización sobre cooperación ó desenvolvemento.

3. Fomentar e apoiar los esforzos das institucións oficiais, entidades e asociacións para crear un clima de opinión favorable á promoción dunha nova orde económica internacional.

4. Estimular a participación cidadá, mediante campañas e informacións adecuadas, nos proxectos de cooperación co Terceiro Mundo.

5. Colaborar para que sexa unha realidade a contribución mínima do 0,7% do produto interior bruto á axuda pública ós países subdesenvolvidos, segundo os acordos das Nacións Unidas subscritos polo Estado español.

6. Ser unha voz ética colectiva que denuncie calquera situación que atente de maneira grave contra os dereitos humanos e que poida presentar propostas de resolución a favor da solidariedade e a cooperación en calquera ámbito de representación política.

Características e vantaxes

Como características intrínsecas á creación dun Fondo poderíanse destacar:

- Ser un organismo sen ánimo de lucro.
- Estar integrado por institucións públicas locais: concellos, consellos comarcais, mancomunidades, deputacións e tamén a participación do goberno autónomo, de maneira unitaria, independentemente dos partidos que os lideren.
- Xestionar de forma democrática e participativa un fondo económico co obxectivo de contribuír ó desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo e á sensibilización cidadá no ámbito local.

- Asegura-lo control e a transparencia da xestión dos Fondos, así como o consenso nos obxectivos prioritarios.
- Limita-los gastos administrativos e de estrutura en torno ó 10% dos recursos económicos dispoñibles.
- Asegura-la continuidade dos proxectos, garantindo que o financiamento non dependerá dos cambios repentinos, xa sexan de índole política ou relacionados co estoupido de situacións de urxencia nos países do Sur.
- Propicia-la relación Norte-Sur para avanzar cara á construción dun mundo máis xusto e solidario.
- Facilita-lo traballo das administracións locais en temas de cooperación, sen necesidade de crear un modelo de cooperación propio de cada concello ou deputación, evitando duplicidades, gastos de xestión e modelos de desenvolvemento diversos, e, algunhas veces, incoherentes.
- Facilitar tamén a relación administración-ONGs e grupos de base, que opten por presenta-los seus proxectos de desenvolvemento e programas de sensibilización evitando a dispersión e cunhas bases únicas.
- Xestionar de maneira conxunta os proxectos e accións de desenvolvemento ó Terceiro Mundo, establecendo criterios que fomenten realmente o desenvolvemento sostible, e apoiar proxectos de maior envergadura. Tamén, facer posible a existencia de equipos técnicos para facilita-la avaliación, o control e transparencia da xestión dos proxectos.

Cooperación descentralizada

Na I Conferencia Europea sobre Cidades e Desenvolvemento, celebrada en Colonia en setembro de 1985, co tema “Da caridade á xustiza”, facíase un chamamento á acción conxunta das ONGs e das comunidades locais para unha cooperación ó desenvolvemento Norte-Sur. En posteriores edicións da Conferencia, Bulawayo (1990) e Berlín (1992), insístiase en promover “iniciativas locais e rexionais para un desenvolvemento sostible”.

No Estado español –e contrariamente a outros países– denominouse “cooperación descentralizada” ó conxunto da cooperación que non corresponde ás instancias do Goberno central, é dicir, tanto a cooperación das administracións públicas rexionais e locais como a das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGDs). Cabe sinalar adicionalmente que a principal función das administracións públicas subestatais en canto á cooperación foi o cofinanciamento de proxectos de ONGDs.

Ó igual cá cooperación oficial ó desenvolvemento español (bilateral, europea e multilateral), a cooperación descentralizada española é recente. Coa excepción dunhas poucas ONGDs que existían anteriormente, pódense data-los seus inicios máis remotos alá por 1985-86.

Os principais actores da cooperación descentralizada española son:

- As ONGDs.
- As administracións públicas locais e rexionais (concellos, deputacións, comunidades autónomas).
- Os fondos municipais de cooperación (asociacións que agrupan a un número de municipios dunha rexión).

Cabe sinalar, en canto a outros actores:

- As universidades: ata o momento mantiveron importantes relacións de cooperación e intercambio no campo académico, pero limitadas relacións con outros actores e proxectos de cooperación.
- Os sindicatos: os principais crearon as súas propias ONGDs.
- Os colexios profesionais, nos últimos anos manteñen con frecuencia relacións con ONGDs da especialidade correspondente (da saga dos “sen fronteiras”) aínda que en ocasións propoñen colaboracións como tal.
- As institucións relixiosas (congregacións, etc), que dificilmente poden eludirse dada a tradición histórico-cultural do país, optaron en moitos casos pola constitución de ONGDs específicas.
- Algunhas ONGDs (e máis recentemente empresas consultoras) situáronse no campo da “asesoría técnica”.

Para que unha cooperación sexa efectiva é necesaria a participación directa da comunidade beneficiaria. Por iso, a cooperación descentralizada permite atopar, en cada caso, os interlocutores máis adecuados. Un dos exemplos máis claros desta cooperación é o irmandamento entre poboacións do Norte e poboacións dos países en desenvolvemento, e a cooperación entre homólogos.

Cóstanos que dende as coordinadoras de ONGDs se está facendo un esforzo por regula-lo sector mediante, entre outras medidas, a aprobación dun código ético. Dende a Confederación e dende cada un dos Fondos debemos traballar activamente para contribuír a vertebrar-la cooperación descentralizada establecendo criterios comúns de actuación, facilitando o seguimento e control dos proxectos realizados e reducindo os custes de xestión.

O *boom* que experimentou nos últimos anos a cooperación descentralizada ten, sen dúbida, un amplo abano de consecuencias positivas, ademais das puramente económicas:

- Impulsa-la implicación na solidariedade internacional de diversos colectivos sociais, superando o ámbito estrito das ONGs.
- Presentarlle á opinión pública a existencia do desenvolvemento estrutural sen ser produto de situacións de urxencia.
- Cuestionar publicamente as fórmulas e os niveis da axuda oficial e os mecanismos de participación, coordinación e seguimento da AOD.
- Estende-lo debate sobre os criterios e tipos de axuda.
- Impulsa-la creación dun marco legal da cooperación que provocou a aprobación da primeira Lei de Cooperación do Estado español (xuño 1998).

Todos estes cambios que, maioritariamente, resultaron positivos tamén suscitan algúns retos a ter en conta:

- Que o positivo incremento da militancia en temas de cooperación non leve á total fragmentación de iniciativas.
- Que o positivo incremento de recursos non comporte un *boom* de microconvocatorias que fragmenten as axudas, multipliquen as estruturas organizativas e dispersen e reduzan a eficacia e a rendibilidade da cooperación descentralizada.

Actividades máis destacadas

• **Guía Municipal de Cooperación.**- A edición da Guía Municipal para a Cooperación - A Solidariedade Norte-Sur, un reto para as institucións locais (1991), en colaboración conxunta entre IEPALA, Euskal Fondoa e Fons Català, supuxo o primeiro instrumento ó servizo de corporativos e técnicos municipais no importante camiño da cooperación internacional. Proximamente publicarase unha segunda edición completamente actualizada da Guía Municipal, editada pola Confederación de Fondos e IEPALA.

• **Xornadas de Cooperación Descentralizada.**- En xuño de 1996 organizouse, de forma conxunta entre a Confederación de Fondos e a Coordinadora de ONGs para o Desenvolvemento, a 1ª Xornada de Cooperación Descentralizada, en Getafe, coa participación de máis de 140 representantes de municipios cooperantes e ONGs. Os relatorios e conclusións destas xornadas foron editadas en 1997.

• **Lei de Cooperación.**- O Congreso dos Deputados aprobou en abril de 1998 o proxecto de Lei de Cooperación ó Desenvolvemento que regulará a axuda do Estado español ós países menos desenvolvidos. O novo texto aprobado recolle algunhas das emendas presentadas pola Confederación de Fondos ós diferentes grupos parlamentarios, nas que se facía fincapé na importancia da cooperación descentralizada como vía de participación dos diferentes organismos locais (administracións locais, sociedade civil...) na cooperación ó desenvolvemento.

Oficina conxunta en Managua

A Confederación de Fondos dispón actualmente dunha oficina conxunta que cobre as áreas de Centroamérica, Caribe e México e onde traballan dúas técnicas cooperantes. Os obxectivos da oficina son a representación individual e conxunta dos Fondos nestas áreas xeográficas e levar a cabo o seguimento e avaliación dos proxectos en curso. A oficina permite un maior coñecemento da situación sobre o terreo e poder dispoñer de información actualizada a un baixo custe de xestión, cousa que non podería asumir un único Fondo e, menos aínda, un único Concello.

O futuro dos Lores

Fernando Pérez-Barreiro

Foron os Lores británicos quen tomaron a decisión o pasado 23 de novembro de rexeitar a pretendida inmunidade soberana do dictador chileno, Augusto Pinochet. Esa posición, claramente orientada ó exercicio dunha xustiza transparente e en concordancia co respecto dos dereitos humanos, confróntase coa propia identidade desta Cámara, non democrática, e que o primeiro ministro inglés Tony Blair pretende reformar.

A reforma constitucional foi parte destacada do programa electoral do Novo Laborismo. O aspecto descentralizador entrou xa no primeiro período lexislativo. A reforma da Cámara dos Lores vai no segundo. Hai certa relación entre os dous proxectos, e pode ser interesante ver os dous nunha perspectiva internacional.

Cando non hai constitución escrita, non hai tampouco, naturalmente, un proceso formalizado de revisión constitucional. Estas reformas estanse facendo por lei ordinaria, acompañada de referendo no caso da transferencia de competencias lexislativas a asembleas das nacións integrantes do Reino Unido (e por agora só a elas, coa excepción de Inglaterra, e non ás rexións).

A Cámara dos Lores forma parte do Parlamento, e resulta un caso único de cámara non electa nun parlamento democrático. Ten catro clases de membros, os pares hereditarios (as dúas terceiras partes, aproximadamente), os pares vitalicios (nomeados polo Goberno, unha cuarta parte), 26 bispos da Igrexa de Inglaterra (de oficio) e os 12 Law Lords, xuíces distinguidos que son nomeados para desempeñar as funcións de suprema instancia xudicial que ten a Cámara. Ningún deles electo.

A lexitimidade dun órgano do poder lexislativo desa natureza foi cuestionada sempre. Pódese defender con argumentos de feito “orgánico”, na tradición de Burke, crítica do xacobinismo, da Revolución Francesa e, en definitiva do racionalismo en materia constitucional. A necesidade de reforma viría determinada por un entorno internacional no que habería que reencontrarse cos herdeiros da Revolución, pasados xa por moitas vicisitudes, pero cos que hai que convivir e, sobre todo, cos que hai que enfrontarse a problemas comúns, europeos e mundiais. A constitución británica, non escrita, e baseada en ben entendidos e nunha sociedade moi peculiar, puido subsistir, incluso cando Inglaterra tiña unha proxección mundial hexemónica, pero entra en crise ao rematar esa hexemonía.

A Cámara dos Lores xa foi reformada outra vez neste século, nas súas funcións inda que non na súa composición. En 1911 perdeu o dereito de veto á

lexislación, e ficou limitada a adiala (só a que non fose financeira e só por tres anos, que agora son un nada máis). Naquela data prometeuse unha reforma máis radical no futuro.

Os Lores non impediron nin dilataron moito as grandes reformas do goberno de Atlee na posguerra. Na década de 1970 demoraron, é certo, moita da lexislación dos gobernos laboristas minoritarios. Pero tamén se opuxeron á lexislación Tory na de 1980. Un bo exemplo é o proxecto de lei de tempos de Major que daba á Policía grandes poderes de vixilancia subrepticia.

A reforma de agora é criticabel desde varios puntos de vista. O primeiro que chama a atención é que, tal como se formula, non suprime o carácter non electo da Cámara. Non propón aínda como van ser substituídos os pares hereditarios. O que fica ao suprimilos é unha cámara formada polos pares designados polo Goberno, os bispos e os Law Lords. A composición dunha nova Cámara será estudada por unha Royal Commission, de duración e resultado incerto. ¿Por que non crear primeiro esa Comisión e presentar un proxecto de lei no que figurase, xunto coa supresión dos pares hereditarios, a composición da nova Cámara?

A acusación á que dificilmente pode escapar Blair é a de que por moito tempo, ou tal vez para sempre, o Goberno pode nomear Lores aos seus preferidos e acabar así cun freo a esa especie de dictadura parlamentaria que o sistema lles permite aos gobernos con maioría ampla ou asoballadora, como é o actual. A tendencia do Novo Laborismo a exercer ese poder asoballador tan forte e tan pouco tradicional coma a de Margaret Thatcher, a quen Blair admira e imita en tantos sentidos.

Esa función moderadora é unha das que poden xustificar unha segunda Cámara. No enfrontamento máis recente cos Lores ameazados de morte, rexeitaron estes por cinco veces o proxecto de lei que establecería o sistema de listas pechadas para as eleccións europeas. Fose por táctica guerrilleira ou por outras razóns, a negativa dos Lores non se pode cualificar de “antidemocrática” como fixo Blair. Dificilmente pode caber nun proxecto de “modernización” e efectividade democrática o sistema de listas de partido, creador de alleamento, desinterese e desconfianza no sistema electoral e na representatividade da clase política.

Ninguén vai defender os dereitos de voto dos pares hereditarios, pero non deixa de ser curioso que no mesmo “paquete” lexislativo vaia unha reforma da seguridade social moi dura para os necesitados, e falte a prometida lei de liberdade da información. Parece outro caso do predominio do estilo e o xesto sobre a substancia, que cada vez máis se lle reprocha ao goberno do Novo Laborismo.

A non ser que non se respecte desta vez a Convención Salisbury, que establece que os Lores non afundirán proxectos que figuren no manifesto electoral do partido maioritario nos Comúns, entendendo que para estas ten o Go-

berno un mandato especial, pódese dar por certo que os pares hereditarios perderán os seus dereitos de escano e voto nesta lexislatura. O que importa é quen os vai substituír. Unha reforma mellor articulada cá que se está a ver podería combinar a dimensión autonómica coa parlamentaria e facer da segunda cámara un órgano representativo das autonomías, unha especie de *Bundesrat*, por citar un modelo europeo. Non cabe esperar que así sexa, porque sería demasiado federalismo para o Goberno, e tamén porque a descentralización é moi reducida e quedarían sen representar nesa Cámara as nacións sen parlamento, como Inglaterra.

Outra posibilidade, que ninguén parece considerar, sería a de darlle máis iniciativa lexislativa á segunda cámara. Ou a de darlle máis intervención nos asuntos da lexislación europea. O Comité Parlamentario que examina agora a lexislación europea e dos Comúns nada máis. E case non ten efectividades, porque ao Goberno bástalle, na maior parte dos casos, con informal do que fai nesa materia. A combinación da representatividade das autonomías coa competencia de exame da lexislación europea sería unha novidade ben interesante, pero que non está nos plans de ninguén.

Unha segunda cámara, moderadora, equilibradora e revisora é unha institución que merece ser tida en conta en calquera arranxo constitucional. A dificultade está en encontrar o principio en que asentala. Pesa moito a idea de que a única fonte de lexitimidade democrática é a elección. Sobre todo cando se trata de asembleas, porque, en troques, admítese con relativa facilidade o poder moderador hereditario da monarquía. E a xudicatura, con poder considerable, é elixida en moi poucos sistemas. Na Cámara dos Lores hai, da parte dos vitalicios, unha reserva de pericia técnica ou experiencia moi apreciable e moi útil no proceso da lexislación. Aplicando o principio electoral estricto, resulta unha duplicación innecesaria de órganos lexislativos. O risco dos demais criterios e que poden levar moi preto da representación orgánica ou do corporativismo.

Cómpre vixiar as reformas constitucionais dos distintos países, porque un día imos ver, ou estamos empezando a ver xa na Unión Europea, problemas *constitucionais internacionais*. As segundas cámaras, e máis aínda, as asembleas autónomas deben ter un papel que desempeñar na configuración dos posibles espazos políticos superiores ao estado unitario tradicional. Toda reforma debería ser considerada xa nesa perspectiva de futuro. Porque aínda van subsistir, e incluso aumentarán, na esfera internacional, e de inmediato na europea, os problemas fundamentais que esixiron o articulación de sistemas de contrapesos do poder na esfera nacional.

Fernando Pérez-Barreiro reside en Londres e colabora co IGADI.

Wye River, unha nova falacia

Marta Cabrera

“A táctica consiste en saber qué facer cando hai algo que facer. A estratexia, en saber qué facer cando non hai nada que facer” (S. Tartakover / GM polaco)

Entre táctica e estratexia débátese os israelís e os palestinos dende hai medio século. Dende o punto de vista cronolóxico, aínda que o conflito na zona comezou moito antes, a principal data de referencia é 1948. Ó remate da II Guerra mundial, coa retirada británica das súas colonias na zona, a ONU, mediante a resolución 181/novembro 1947, propuxo a partición do territorio, ata entón integramente palestino, en dous estados independentes. Apoiándose nesta resolución, os xudeus proclamaron de forma unilateral un Estado sionista propio e exclusivo; ademais de exclusivista. Foi un 15 de maio de 1948 e desencadeou a primeira das guerras árabe-israelís. Os demais estados árabes saíron en defensa dos seus irmáns palestinos. A partir desta data comeza a tráxica andaina que nos leva ata hoxe, no outono de 1998, e o Memorando de Wye River.

En 1964 materialízase a creación da Organización para a Liberación de Palestina (OLP). Esta formación, despois da Guerra dos Seis Días, en 1967, optaría polo enfrontamento aberto contra a ocupación militar israelí dos territorios libres de Gaza e Cixordania, e que a partir dese momento se denominarán “territorios ocupados” (TTOO).

O Estado palestino tivo que recompoñerse no exilio pero nunca acadou a forza suficiente para reconquistar a súa terra. O statu quo foise impondo e aceptando, aínda que nunca de forma incondicional. En 1974, a ONU reconece á OLP como representante único e lexítimo do pobo palestino. Pero a pesar desa declaración política, da axuda prestada polos estados veciños e dos fondos recadados internacionalmente para soste-la loita, a contenda mantívose sen alteracións substanciais ata que en 1987 comeza a Intifada. A Intifada, protagonizada polo propio pobo palestino, foi a clave que desencadeou os acontecementos posteriores.

A partir de entón sucedéronse as conferencias e os tratados de paz: 1991, Conferencia de Paz para Oriente Medio en Madrid; 1992, ronda de negociacións entre os participantes na Conferencia de Madrid; 1993, Acordo de Oslo, que inicia un período de transición de cinco anos para dar unha resolución definitiva ó conflito; 1995, Oslo II, que materializa os Acordos de Taba. Despois da implantación o ano anterior da Autoridade Nacional Palestina (ANP) agora amplíanse as súas zonas de autogoberno; 1997, paralización do proceso de paz trala morte do primeiro ministro israelí Rabin e a elección do candidato conservador Netaniahu.

1998, o tempo de Wye

Se temos en conta que o proceso de paz estaba conxelado, por non dicir practicamente morto dende que o mesmo lle ocorrera a Rabin, a simple reunión dos dirixentes palestino e israelí en Wye Plantation é un gran logro. Pero se fixamos a nosa atención en moitos outros factores podemos chegar á conclusión de que o Memorando de Wye River é unha grande falacia e resulta contraproducente para ámbalas dúas partes.

En primeiro lugar, debemos considerar a que tipo de problema nos estamos a enfrontar.

A clave principal é política: a necesidade de efectuar o reparto duns territorios que ámbolos dous pobos anhelan e consideran de seu. Pero tamén existen consideracións de tipo económico: algúns territorios son productivos pero noutros casos trátase de deserto, o cal significa ausencia de auga, recurso sen o cal un territorio non é nada. Igualmente debemos ter en conta o factor estratéxico: neste senso, algúns territorios, pola súa posición, convértense en esenciais para a protección fronte ós hipotéticos inimigos, ademais de posuír enlaces, comunicacións, etc. Por último, restaríanos, quizais non o máis relevante na actualidade pero si o que puido desencadear o conflito en orixe, isto é, a relixión: Palestina, como territorio histórico, é o berce de distintas culturas que pugnan nos nosos días pola súa supervivencia. A relixión e cultura xudías quizais foron as máis ameazadas e polo tanto son tamén as que loitan con máis forza por asentarse nuns territorios que historicamente consideran que lles foron outorgados e dos que posúen un peculiar título de propiedade, a “Biblia”.

Tendo en conta todos estes factores, procede analizar os puntos principais do Memorando. Os israelís ceden ós palestinos un 13% do territorio: ¿unha zona escollida ó chou? Nin moito menos. É terra seca e árida na que o único espacio realmente utilizable debe ser declarado reserva natural; indubidablemente, tampouco supón ningunha ameaza para os enclaves israelís pois está fora das súas rutas. Mentres, Tel-Aviv continúa a política de asentamentos, tanto novos como a ampliación dos xa existentes, inclusive os máis conflictivos como o de Kiriath Sefer e o de Har Homa, todos dotados dunha importante infraestrutura e de medidas de seguridade extremas.

No aspecto ideolóxico-relixioso, os israelís tamén sacaron bo proveito de Wye River: non soamente impuxeron a negativa a entregar Xerusalén Este como próxima capital palestina senón que ademais conseguiron enfrontar a Arafat cos seus líderes relixiosos e situalo na tesitura de destruír as faccións políticas e militares que se enfrontan ós israelís (e por iso cualificadas de terroristas). O goberno de Netaniahu considera estes grupos extremadamente perigosos para a súa seguridade, tanto en Cisjordania coma en Gaza.

O caso é que a pesar da vantaxe que Israel consegue, de xeito ningún están pola labor de facer efectivos os acordos, primeiro retardando a súa posta

en marcha por razóns burocráticas e logo buscándolle a reviravolta ó acordado. Non só non poñen na rúa o número de presos establecido, senón que reclaman a modificación da Carta Nacional Palestina (no senso de que esta reclama a expulsión dos xudeus de todos os territorios históricos palestinos) e mesmo chegan a ameazar con anular os acordos se Arafat se empeña en proclamar o Estado Palestino en maio do 99, data que, por outra banda, así se pactou e estableceu no primeiro Tratado de Paz de Oslo.

O porque da cuestión

Os motivos que impulsaron a Washington a intervir son supostos sen problemas: Clinton perdía credibilidade a medida que os seus trapos sucios (affaire Lewinski) se aireaban e precisaba con urxencia dun impulso que lle permitise levantar a súa popularidade de cara ás eleccións lexislativas. Este debía vir de Oriente Medio por ser a zona máis delicada e, polo tanto, máis doada para unha intervención do Presidente. O dilema ven dado polos motivos dos principais implicados. Netaniahu enfróntase ós radicais do seu pobo que non son partidarios de ningún acordo ou concesión ós palestinos e apoian, en cambio, a anexión dos TTOO. Ademais, o líder israelí tampouco conta co respaldo do seu goberno nin da Knesset, a quen debeu convencer con promesas supostamente feitas por Arafat á marxe das declaracións oficiais.

Pola súa banda, o dirixente palestino atópase case cos mesmos problemas internos pero agravados, se temos en conta que as organizacións que o apoiaban están sendo desmanteladas en aplicación do acordado e que tampouco consegue pechar filas totalmente no seo do seu partido Al-Fatah.

Entón, ¿por que este acordo sen substancia? O máis sinxelo é pensar que se viron forzados polas circunstancias. Netaniahu estaba sendo acusado continuamente desde todos os ámbitos internacionais de non facer nada pola paz: agora facíao sen perdas significativas. Netaniahu aplicou a táctica. Desgraciadamente, Arafat aférrase á estratexia porque, do contrario, para o seu pobo non quedaría outra opción que iniciar unha nova guerra.

Marta Cabrera realiza prácticas no IGADI.

Da flexibilidade chinesa ó continuísmo taiwanés

Xulio Ríos

As eleccións legislativas celebradas en Taiwán o 5 de decembro deron a sorpresa. Contra todo prognóstico, o Kuomintang, partido que ata a data goberna en Taipei, foi o claro vencedor nos tres procesos electorais: legislativas, alcaldías de Taipei e Kaohsiung e concelleiros destes dous municipios especiais.

Un total de 403 candidatos competiron por 225 escanos na Cámara que en Taiwán se coñece co nome de Iuan Lexislativo. O actual partido no goberno, o Kuomintang (KMT), presentou 115 candidatos; o principal partido da oposición, o Partido Democrático Progresista (PDP), presentou 79; o Partido Novo (PN), terceira forza política, presentou 36; a Alianza Democrática, 21; o Partido da Independencia de Taiwán, 18; e a Alianza da Nación Nova, 13. Os demais candidatos eran independentes ou pertencían a pequenos partidos. Dos 225 novos lexisladores, 168 elixíanse directamente nas circunscricións xeográficas; as denominadas circunscricións aborixes elixían 8; outros 8 eran elixidos en representación dos chineses de ultramar, e 41 elixíanse nunha circunscrición nacional mediante o sistema de representación proporcional.

Resultados

Iuan Lexislativo

KMT 46,41% 96

PDP 29,56% 52

PN 07,07% 7

Alcaldías

Taipei Ma Yieng Jyou (KMT)

Kaohsiung Shye Chang Tying (PDP)

Concelleiros

Taipei		Kaohsiung	
KMT 40,80%	22	KMT 45,18%	25
PDP 30,80%	19	PDP 26,81%	9
PN 18,50%	9	PN 03,84%	1

Foron estas as eleccións da mesura en todas as fronteas. No ámbito propiamente interno, a ampla victoria do KMT, inesperada para moitos, pon de manifesto con toda nitidez a súa enorme capacidade de presenza e de ocupación social, a súa plena consolidación na nova etapa democrática de Taiwán. Con este trunfo, o KMT conseguiu asentarse a lexitimidade desa

metamorfose da dictadura ó novo escenario democrático e frear o que ben puidera ser o comezo do seu fin. Loitando palmo a palmo para gañar, esta especie de “Movemento Nacional” conseguiu o que parecía máis difícil: pasar con pés de la sobre o desgaste producido por case 50 anos de exercicio ininterrompido do poder e deter o ascenso do seu principal rival, o PDP, embarullado na súa moderación de última hora. A derrota en Taipei do seu candidato, Chen Shui-bian, supón un durísimo golpe ás súas aspiracións para vencer nas eleccións presidenciais do ano 2000.

Tempo hai que a sociedade taiwanesa enviara a todos os seus dirixentes políticos unha clara mensaxe de cordura, pero a moderación do PDP produciuse a destempo. Ata febreiro de 1998, a reivindicación independentista era o principal sinal de identidade e o aglutinante esencial das diversas correntes que conflúen no seu seo. O esforzo por situarse en posicións máis centristas precisa dun maior horizonte temporal para callar nun electorado confundido, desconfiado e que, ante a dúbida, opta maioritariamente polo seguro e coñecido.

Doutra banda, cómpre destacar o xiro que a China continental imprimiu á súa política cara Taiwán. Se nos comicios presidenciais de 1996 as manobras militares (incluíndo o uso de mísiles desprovistos de carga) crispaban o debate político-electoral, Beijing optou agora por enviar á “provincia rebelde” toda unha lexión de observadores integrada por diplomáticos, académicos, etc, para seguir de preto o proceso electoral e efectuar unha primeira toma de contacto directo con todas as forzas políticas, incluídos os independentistas.

China intenta atopar unha nova linguaxe común con Taiwán. A visita realizada a mediados de outubro ó continente por parte de Koo Chen-fu, presidente da SEF (Fundación para os Intercambios no Estreito) veu precedida de mutuos xestos de aproximación. Por exemplo, por primeira vez en moito tempo non se realizaron exercicios militares durante as celebracións da festa nacional de Taiwán, e China, pola súa banda, reforzou aínda máis a protección legal dos investimentos empresariais procedentes de Formosa. Jiang Zemin, o Presidente chinés, firmemente asentado no poder, recibiu a Koo Chen-fu como a un verdadeiro compatriota (tongbao).

O novo clima deseñado por Beijing contempla catro piares básicos. En primeiro lugar, a seducción empresarial. Durante 1997 o intercambio comercial ascendeu a 20.000 millóns de dólares, pero o clima de confrontación e a instrucción de Taipei de orientar os capitais cara ó Sueste asiático para reducir a súa vulnerabilidade estratéxica, eliminou moitas expectativas. En segundo lugar, diálogo e apoio mutuo para capear as consecuencias da integración na economía internacional (crise financeira ou ingreso na OMC). En terceiro lugar, a busca de alternativas ós diferendos considerados de máis fácil solución como a pesca ou as cuestións humanitarias co fin de establecer e consolidar marcos concretos de cooperación. En cuarto lugar, a construción dun con-

senso nacionalista sobre unha dobre base: apoio en reivindicacións “de estado” fronte a terceiros (a soberanía chinesa sobre as illas Daoyutai ou as Spratleys-Nansha) e a contención do independentismo.

Tamén en Zhonnanghai semella que por fin se pode abrir camiño a diplomacia en detrimento da presión belicosa. Así deberá ser se en Beijing se toma en serio a posibilidade de conseguir a tan desexada reunificación “vencendo sen loitar”, como ensinara no seu día o filósofo e táctico Sun Tzu.

Xulio Ríos é director do IGADI.